



Recomendación ao Concello de Pontevedra relativa a un expediente sancionador de tráfico e á mellora da sinalización urbana.

Expediente: A.4.Q/63720/16

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Sr. alcalde:

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED], referente ao expediente sancionador de tráfico núm. 1610567.

#### ANTECEDENTES

A interesada indicábanos no seu escrito que foille imposta unha sanción mediante boletín de denuncia nunha zona na que a sinalización da prohibición xera dúbidas, xa que hai unha sinal vertical de prohibición e unha liña amarela, que delimita a distancia. O axente sancionou o seu vehículo, a pesar de que está máis abaixo da liña amarela que acompaña o sinal vertical. Ao seu xuízo, a distancia que abrangue a prohibición do estacionamento que indica o sinal resulta confusa e da a entender que nese espazo está permitido o estacionamento. Enviou fotos para reforzar estas afirmacións, engadindo ademais que consultou con dous axentes, admitindo estes que efectivamente a sinal non estaba correctamente ubicada.

Solicitado informe ó Concello de Pontevedra, a administración remitiunos un escrito no que sinala que, con data 10 de outubro de 2016, o axente da policía local de Pontevedra con número 221.125 denunciou o feito de que o vehículo non obedeceu un sinal de prohibición ou restrición. Ante as alegacións da condutora sobre a confusa sinalización, pídeselle ao axente denunciante que emita o preceptivo informe, no cal se ratifica dos feitos denunciados así como aporta dúas fotografías onde se aprecia que o sinal é perfectamente

visible para o condutor do vehículo que circule pola Rúa do Cruceiro. O axente indica que o vehículo denunciado se atopaba estacionado en sentido contrario á circulación, por iso á entrada da rúa non se atopa con ningún sinal vertical.

Sínálase no oficio do concello que resulta esixible por parte dos condutores unha dilixencia media para observar as sinalizacións de regulación do tráfico, e indica que nas fotografías achegadas pola interesada advírtese a existencia dun sinal vertical, aínda que non se aprecie o contido do mesmo.

Ademais, mencionase no informe que o art. 14 do RD 320/1994, de 25 de febreiro, establece que “as denuncias efectuadas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico terán valor probatorio respecto dos feitos denunciados, sen prexuízo do deber daqueles de achegar tódolos elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado e das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios denunciados”. É unha presunción iuris tantum que non vulnera a presunción de inocencia da presunta infractora, xa que a denuncia dun axente sometida a posibilidade de contradición no expediente adquire a calidade para considerala proba de cargo.

Conclúe o informe que o expediente foi correctamente tramitado e cumprindo os principios básicos do procedemento sancionador. Afírmase que se seguiu de xeito escrupuloso o procedemento legalmente establecido na materia, e que en ningún caso se ten conculcado dereito algún.

## ANÁLISE

Para analizar axeitadamente os argumentos esgrimidos polas partes en conflito, debemos atender a colocación das sinais no espazo concreto obxecto de controversia non só a través das fotografías presentadas senón coa visualización in situ da zona, para apreciar se, efectivamente, a confusión alegada pola interesada pode determinar a incorrecta iniciación do expediente sancionador.

Desa visualización despréndese que, efectivamente hai un sinal vertical limitador do estacionamento, tanto en sentido esquerdo como dereito. A maiores, na mesma liña na que se atopa o sinal vertical, existe unha marca viaria de cor amarelo que confirma a prohibición de estacionamento. Sen embargo, aínda tendo en conta o anterior, resulta certo que a partir do punto exacto de colocación do sinal vertical, a liña amarela continúa para unha lado e outro, pero no lado esquerdo, esta se prolonga algo máis dun metro ata interromperse o pintado de xeito expreso (non existe un borrado accidental ou por falta de mantemento); despois, quedan cerca de tres/catro metros sen pintar (aproximadamente xusto a lonxitude de un vehículo normal), e novamente comeza unha liña amarela de prohibición.

A primeira impresión que causa a visión dese espazo é a de permisividade para aparcarse, toda vez que existe un espazo suficiente entre o sinal vertical e o final da liña amarela, de xeito que ten pleno sentido a frecha branca de prohibición tanto cara a dereita como cara a esquerda que aparece na imaxe do sinal vertical (precisamente por tal razón non resultan sinais contraditorias). Isto, xunto a clara, inconfundible e expresa interrupción da liña amarela, que logo volve a iniciarse deixando un marxe aproximado dun vehículo, sen dúbida, pode inducir a un condutor a considerar que nese intervalo pode estacionarse o coche.

En conclusión, parece que a actual sinalización da zona pode provocar confusión nos destinatarios da mesma, dando a entender que nese intervalo delimitado e concreto está permitido o aparcamento para un vehículo. E tal confusión xorde aínda empregando a dilixencia media esixible a todo condutor, inducendo a un erro claro pola falta dunha especificación precisa dese espazo, que parece non verse afectado polos sinais verticais e marcas viarias existentes.

Tamén resulta preciso engadir que apreciamos no expediente un defecto de motivación nas resolucións ditadas pola administración en resposta ás alegacións da autora da queixa pois non da resposta específica aos aspectos indicados pola denunciada. Consideramos que se reproducen argumentos xenéricos válidos para case calquera expediente por infracción en materia de tráfico. Así, no expediente non se cuestiona o estacionamento en si mesmo, polo que a presunción de veracidade invocada polo Concello de Pontevedra non ten cabida. Non se nega que o vehículo estivera aparcado nese espazo, senón que a discusión deriva da consideración de que esa zona en concreto poida orixinar un expediente sancionador ao non estar afectada por prohibición algunha. Hai que ter en conta que esta presunción opera sobre feitos e non sobre dereitos, isto é, no caso de que o feito afirmado polo axente sexa controvertido e non teña outra maneira de ser probado. Pero aquí, como xa dixemos, non se discute o feito do estacionamento do vehículo. O que a recorrente alega céntrase unicamente na improcedencia da sanción con arranxo á interpretación que se fai do uso das sinais, e non de feitos que deban ser protexidos por presunción algunha de veracidade.

Por outra banda, presuponse no expediente sancionador que a condutora realizou unha manobra indebida ao incorporarse á Rúa Cruceiro dende a Rúa da Barca facendo caso omiso do sinal de prohibido o paso situada na saída da Rúa do Cruceiro cara á Rúa da Barca principal. Sen embargo, resulta posible circular sen infrinxir esta prohibición baixando pola Rúa Cruceiro, ben para incorporarse á Rúa da Barca principal (manobrando o vehículo de forma que a parte frontal quedaría nese sentido) ou ben continuando pola Rúa da Barca "secundaria" que leva a varias entradas de garaxes e que remata na Rúa da Barca principal (estacionando o vehículo en sentido contrario).

Esgrimidos os anteriores fundamentos pola denunciada, sen embargo, non se fai mención algunha á sinalización confusa alegada por esta, e sobre a que realmente se substancia a controversia.

Dito todo o anterior, chegamos á conclusión de que efectivamente obsérvanse defectos de sinalización que provocan un erro de prohibición que exonera de culpa á reclamante, non podéndose apreciar culpabilidade aínda empregando a dilixencia debida esixible en materia de tráfico. Dado que o exercicio da potestade sancionadora atópase sometido ao principio de culpabilidade e require apreciar no sancionado unha conducta ou omisión que lle sexa imputable, tal principio resulta incompatible co exercicio da potestade naqueles supostos nos que os propios actos da Administración pública podan inducir a error ao cidadán téndose que presumirse de boa fe a súa conducta.

Por último, debemos ter presente que o espírito que emana da lexislación en materia de tráfico é o de tratar de acadar o cumprimento da normas reguladoras da circulación (neste caso concreto, evitar o estacionamento no espazo acotado referenciado ao longo deste expediente). Tendo como fin principal o de evitar que ese espazo sexa utilizado como aparcamento, resulta lóxico que as indicacións sexan o máis claras posibles, polo que para conseguir esa claridade, o concello pode tratar de evitar confusións como a que da orixe a esta reclamación, pintando de xeito continuo a marca lonxitudinal amarela para unir os dous extremos que actualmente atópanse descontinuos, de forma que o usuario da vía sexa consciente de que nese espazo existe limitación.

## CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar ao Concello de Pontevedra a seguinte Recomendación:

“1. Que a través do procedemento que resulte procedente, se deixe sen efecto a sanción imposta á reclamante, dado que os defectos na sinalización determinan a falta de culpabilidade do condutor.

2. Que se clarifique a sinalización da zona de estacionamento referida neste expediente de queixa, dando continuidade á liña horizontal amarela, favorecendo así o cumprimento da ordenación dese espazo.”

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo